

NOME DO PROGRAMA DE EMPREGO: **FORMAWEB V**

Expediente: 36/00004/2023
Especialidade: "IFCD0210/IFCT0109 Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías web e Seguridade informática"
Data de inicio: 02/10/2023
Data de finalización: 01/10/2024
Entidade Promotora: Concello de Vigo.

RESUMO DAS ACTIVIDADE FORMATIVAS E DOS SERVIZOS E OBRAS

Quinta edición do **Programa de Emprego FORMAWEB**, no cal un total de 13 alumnos/as traballadores/as, incluídos no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, reciben formación profesional para o emprego dirixida á obtención dos certificados de profesionalidade "IFCD0210 Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías web" e "IFCT0109 Seguridade informática".

Este Programa de Emprego enmárcase dentro da iniciativa de emprego xuvenil e o Programa Operativo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) Galicia 2021-2027, Obxectivo político 4, Prioridade 5, Obxectivo específico ESO4.1, Medida 5.a.03 cofinanciado nunha porcentaxe do 60%.

Conta cun presuposto total de **469.837,96 €**, do cal 424.836,96 € corresponden á subvención da Xunta de Galicia (procedentes do FSE) e 45.001,00 € corresponden á aportación do Concello de Vigo ao proxecto.

O Programa de Emprego FORMAWEB V ten unha duración de 12 meses, desde o 2 de outubro do 2023 ata o 1 de outubro do 2024, e desenvólvese no Centro Municipal Ríos Teis, na rúa Baixada a Ríos 86, Vigo. Conta para o seu desenvolvemento cun equipo directivo formado por unha directora, un titor, un experto/docente e unha administrativa.

O **obxectivo xeral** do proxecto "Obradoiro de Emprego Formaweb V" é acadar a inserción laboral das persoas desempregadas que participen nel mediante a súa cualificación profesional en alternancia co traballo efectivo, a través da participación das mesmas en obras ou servizos de utilidade pública ou de carácter social.

Para cumprir con este obxectivo formarase ao alumnado/traballador nas dúas especialidades indicadas, sendo os obxectos de actuación, os seguintes:

- Dunha banda, o desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías web, co obxectivo de mellorar e facilitar a recollida de datos para os servizos de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, do Concello de Vigo, e a mellora da plataforma existente en ditos servizos ou a creación dunha nova plataforma.
- Doutra banda, e mediante a formación en Seguridade Informática, se pretende a mellora da protección de servidores e equipos de usuario final segundo as necesidades de uso e condicións de seguridade.

O alumnado-traballador ten un contrato de formación-aprendizaxe, a través do cal a formación altermase coa adquisición de experiencia laboral e a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, con obxectivo de crear unha ferramenta de xeración de formularios para a recollida de datos para os servizos de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo e, ao mesmo tempo, tendo como horizonte e obxectivo a mellora da plataforma existente en dito servizo ou a creación dunha nova plataforma.